



ALEGACIÓNS, COMENTARIOS E SUXERENCIAS DA S.G.H.N.

Á MEMORIA E OS ANEXOS DA PROPOSTA DO PLANO HIDROLÓXICO DE GALICIA-COSTA

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1. Do mesmo xeito que están clara e legalmente establecidas as prioridades e compatibilidades de usos dos recursos hídricos e as ordes de preferencia dos aproveitamentos, deberían establecerse regulamentariamente as prioridades de actuación para:

- Garantir a satisfacción das demandas:
 - a) Minimizar as perdas, que se recoñecen coma "elevadas" na páx. 61, epígrafe 8.2.1.
 - b) Fomentar a máxima eficiencia e a mínima perda de calidade na utilización da auga pois, coma atinadamente se sinala na páx. 11, "a auga é un recurso escaso que sofre durante o seu uso un deterioro de calidade"; ó respecto, considérase imprescindible o desenvolvemento de campañas de concienciación dos cidadanos e das industrias sobre os mellores equipamentos e tecnoloxías dispoñibles para unha utilización eficiente e o menos contaminante posible da auga.
 - c) Promover, na medida do posible, a reutilización da auga.
 - d) Construír novas infraestruturas de regulación só cando sexa estrictamente imprescindible, dimensionándo-las axeitadamente e minimizando o seu impacto ambiental.
- Evitar danos por enchentas e asolagamentos:
 - a) Deslindar, protexer e recuperar o Dominio Público Hidráulico, que si ben é recoñecido coma unha "actuación básica do Plano Hidrolóxico" (páx. 145, epígrafe 9.10), apenas vai a recibir o 1,04% dos investimentos inicialmente previstos (véxase táboa final do Anexo 1), polo cal afirmase que "Un deslinde xeneralizado é pouco concebible con carácter inmediato, polo que as actuacións deben orientarse ás zonas máis conflictivas ou de maior potencialidade de uso (zonas urbanas e suburbanas)" (páx. 104, epígrafe 8.5.3.2 e páx. 8 do Anexo 2, epígrafe 2.2.)
 - b) "Evita-la invasión por edificacións, ou outras obras improcedentes, das zonas asolagables" que producen "unha redución da sección útil de desaugue ou a ocupación de chans de asolagamento" e proceder á "ordenación das obras a construír no cauce e das condicións das vías de comunicación en zonas asolagables", coma ben se sinala nas páx. 94 e 96, epígrafes 8.4.6.3. e 8.4.7. Estas actuacións deberían complementarse coa demolición das edificacións e obras ilegais, obviamente sen indemnizacións, ou das que si ben foron legalmente admitidas agravan os riscos e danos polas enchentas, indemnizando neste caso ós propietarios.
 - c) Protexer e conservar as chairas de asolagamento, pois, ademáis de moitos outros beneficios hidrolóxicos e ecolóxicos^{1,2}, "As zonas asolagables, coma as chairas de inundación, laminan as ondas de enchenta, polo que son beneficiosas para os tramos augas abaixo das mesmas", coma se recoñece expresamente na páx. 93, epígrafe 8.4.5.5.
 - d) É imprescindible ter en conta que a aplicación universal dos métodos de enxeñería clásica xa non é aceptada pola meirande parte da sociedade, e isto é debido non só a razóns ecolóxicas ou medioambientais, senón tamén a razóns económicas, tendo en conta a necesidade de sobredimensionar-las obras polo risco que xeran, e o custo do mantemento adicional que supoñen ó ir en contra, na maioría dos casos, ós procesos naturais da

¹ Fennessy, M.S. and Cronk, J.K. (1997) The effectiveness and restoration potential of riparian ecotones for the management of nonpoint source pollution, particularly nitrate. *Critical Reviews in Environmental Science and Technology* **27**, 285-317.

² González Tánago, M. e García de Jalón, D. (1995) Restauración de ríos y riberas. E.T.S. Ingenieros de Montes, Univ. Politécnica de Madrid. Fundación Conde del Valle de Salazar.



dinámica fluvial³ e que os controles estruturais por medio de obras hidráulicas reducen a frecuencia dos asolagamentos, pero agravan os seus efectos porque, constrinxindo o río e rectificando o seu curso, aumenta a velocidade das augas e a altura das enchentas, que ademais deixan de ser graduais para ser súbitas, e cunha capacidade destructiva aumentada e agravada porque a xente confíase e coloniza zonas de maior risco⁴. En lugar de encanar e cambia-los ríos de sitio resulta moito máis prudente adaptar a ocupación e aproveitamento do territorio á realidade hidrolóxica para evitar desastres humanos coma o de Biescas, que, malia ser recente, semella terse esquecido polos que, na páx. 142 epígrafe 9.4, propoñen "actuacións anuais nos cauces coma son as canalizacións, derivacións, dragados e acondicionamentos, etc."

2. Ó longo do documento sinálanse repetidamente moitos déficits de coñecemento en materia hidrolóxica na conca de Galicia-Costa:

- "7.5. Utilización actual da auga. En Galicia-Costa o feito de dispor de auga de forma abundante, en comparación co resto de España, leva o uso abusivo e desproporcionado desta en moitos casos; isto, unido á utilización, en practicamente toda a zona de estudio, de técnicas ancestrais no que á rega se refire, *dificulta a contabilización real do volume de auga destinada a usos agrícolas*" (páx. 44).
- "8.2.1. Abastecementos urbanos. Así mesmo *resultará indispensable*, tendo en conta a necesaria eficiencia das redes de abastecemento, *a instalación de contadores, que determinasen o consumo real para cada usuario* nos abastecementos colectivos e mesmo resultaría oportuno nas traídas veciñais" (páx. 62).
- "8.2.2. Abastecementos industriais. En xeral, *o consumo realizado polas industrias é pouco coñecido* e carece de fiabilidade dada a falta dun inventario fiable e a usual reticencia dos industriais a proporcionaren datos internos de consumo de auga, que está relacionado cos volumes de vertido, situación que na actualidade estase conseguindo que resulte mellorada con base nos inventarios en fase de execución" (páx. 64).
- "8.2.3. Regadíos. As liñas de actuación deben aplicarse nun principio desde *o coñecemento máis preciso das superficies de rega, do tipo de cultivo, o consumo de auga e o seu rendemento así como o control e inventariado de tomas e captacións para regadío*" (páx. 66).
- "8.2.6. Acuicultura. Ó igual ca no resto dos aproveitamentos hidráulicos, *o grao de coñecemento da captación e puntos de vertido non é o adecuado para o seu control e regulación*" (páx. 71).
- "8.2.9. Balances hídricos. *Nunha primeira aproximación, o caudal mínimo medioambiental considerouselle, como dato de cálculo, no 10% da aportación media anual polo que a demanda medioambiental teórica ascende a 1274,81 hm³/ano*" (páx. 75).
- "8.4.7. Liñas de actuación. *Clarificación da situación do cauce e definición do Dominio Público Hidráulico* que ira unido ó consecuente amolloamento e vixilancia, co fin de evita-la ocupación de ditas zonas, que ás veces escúdase na incerteza e indefinición" (páx. 95).
- "8.5.2.4. Extraccións de áridos. *Na actualidade non se acometeu o estudio que permita determinar con exactitude cales son os volumes máximos que se poden extraer por tramos de ríos*. Polo tanto, *compre estudar con detalle o tipo de autorización que concede en cada caso, tanto no que respecta ó volume máximo admisible coma ó impacto ambiental que pode producirse*" (páx. 103).
- "8.7.4.2. Problemas na relación cos usuarios. *En xeral, no condicionado concesional non existe unha obriga de colocar instrumentos rexistradores de medidas, co que é imposible verificar se, aínda respectando o caudal máximo, consúmese un maior volume de auga có requirido*". "É practicamente imposible cos servizos de

³ Hey, R.D. (1994) Environmentally sensitive River Engineering. En *The Rivers Handbook II*. Calow, P. e Petts, G.E. (eds). páxs. 337-362.

⁴ McCully, P. (1993) Time to retreat. *The Ecologist* **23**, 163-164.



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Xunta Directiva Xeral

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> sghn@hotmail.com

gardería existentes detecta-la realización de pozos ou obras de pequena magnitude non autorizados. Cómpre elaborar medidas que palíen este problema" (páx. 136).

- "8.7.5. Insuficiencias de información e control. Comezando pola demanda máis importante, o abastecemento urbano, *existen datos suficientemente fiables sobre a poboación pero non así dos seus consumos reais*, que están moi influenciados polas grandes perdas nas redes primarias e de distribución. *Faise necesario un coñecemento máis real destes usos coma paso previo para unha proposta de actuacións na infraestrutura* que, a medio prazo, aproxime os caudais servidos en alta ós que realmente son, ou deben seren, facturados" (páx. 137). *"En definitiva, faise imprescindible un estudio xeral de toda a conca que sirva de fundamento ó deseño das futuras obras hidráulicas e, en concreto, as de laminación e protección de enchentas"* (páx. 139).

En consecuencia, e con toda lóxica, no "Anexo nº1: avaliación económica e financiación do plano" recóllense investimentos en estudos xerais por un importe total de 3.600 Mptas, incluíndose:

- Estudio da necesidade de encoros para regulación: 80 Mptas
- Estudio sobre xeración de hidrogramas de enchentas nos puntos conflictivos da conca: 100 Mptas
- Estudos localizados sobre niveis alcanzados nos puntos conflictivos da conca e laminación de enchentas: 100 Mptas
- Estudos e proxectos de defensas e canalizacións: 700 Mptas.

Pero resulta incongruente, e moi preocupante, que logo no Anexo nº2 se detallen tódalas actuacións e investimentos previstos sen ter aínda feitos os estudos. Acádase o extremo de que no segundo parágrafo de "Actuacións" do epígrafe 2.1, sobre "Recuperación e ordenación de marxes e ribeiras", se diga que "os estudos iniciais realizaranse o antes posible, para defini-la magnitude das obras así coma os investimentos destas actuacións concretas e as súas características principais" e que no seguinte apartado de "Investimento e programación" se detallen totalas actuacións e os seus investimentos. Outro exemplo é o do epígrafe 5.3 (Programa de canalización e defensas) que inclúe 11 páxinas coas actuacións e investimentos previstos.

CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS

4.2. Lexislación de aplicación xeral

- Dentro do apartado "medio ambiente" faltan as Directivas Aves e Hábitats da UE, de obrigado cumprimento (páx. 18).

5.1.3. O Decreto de deseño técnico do Plano Hidrolóxico das concas intracomunitarias de Galicia

- Resulta revelador, e preocupante, que o Decreto 16/1987, do 14 de xaneiro (que "realiza unha adaptación específica da Planificación Hidrolóxica definida na normativa estatal ás especiais características de configuración xeográfica e demográfica de Galicia"), non fixera ningunha adaptación específica ó medio natural galego (páx. 23).

8.2.4.1 Aproveitamentos hidroeléctricos con regulación

- "~~Sería conveniente propor~~ DEBERÍA ESTABLECERSE REGULAMENTARIAMENTE que tódalas novas concesións e as modificacións e/ou ampliacións das concesións existentes a autorizar no futuro se adecuasen ás disposicións ou medidas de protección medioambiental. Na maioría dos casos, e de maneira preferente, ~~conviría a realización de~~ DEBERÍAN ESIXIRSE estudos do caudal fluente e do caudal medioambiental na zona afectada, básico para a posterior toma de decisións e un mellor coñecemento por parte do Organismo de Conca" (páx. 68).
- "Da mesma forma, ~~sería conveniente, proponer a realización de~~ DEBERÍAN ESIXIRSE estudos previos e controis das variacións do caudal de rehabilitacións de forma que non se produzan afeccións augas abaixo do aproveitamento, sexa por efectos da variación do caudal, sexa pola calidade do recurso. A regulación de caudais, se fose ~~considerable~~ CONSIDERADA polo Organismo de Conca, recollerase expresamente en relación ás



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Xunta Directiva Xeral

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> sghn@hotmail.com

variacións de caudal nos condicionantes concesionais e coas medidas de prevención que se estimasen en cada circunstancia e situación concreta" (páx. 68).

8.2.4.2. Aproveitamentos hidroeléctricos en derivación

- "Ó igual que nos aproveitamentos hidroeléctricos con regulación ~~sería conveniente propor~~ ~~que se cumpriran~~ DEBERÍAN SER DE OBRIGATORIO CUMPRIMENTO as servidumes ambientais, enmarcadas nas disposicións ou medidas de protección dos arredores e do recurso, adecuadas ó tramo do cauce afectado" (páx. 69).

8.2.5. Refrixeración de centrais térmicas

- "Nestes casos, ~~resultaría conveniente ter~~ DEBERÍAN TERSE en consideración os vertidos térmicos e, ademais, os vertidos de orixe distinta á da refrixeración (purgas do circuito, limpeza de equipos, etc.) para determina-los obxectivos de calidade a considerar augas abaixo do emprazamento da central". Páx. 70.

8.2.7. Caudais mínimos medioambientais

- "Nas novas concesións que se outorguen, E TAMÉN EN TÓDOLOS ENCOROS XA EXISTENTES, resulta necesario establecer a obriga de respectar as disposicións ambientais que resulten de aplicación e concretamente o mantemento duns caudais mínimos coa finalidade da conservación ambiental do río e a súa contorna. ~~Este caudal sería aconsellable que se respetase tamén, mediante sistema en contínuo en tódolos encoros~~". Páx. 73.

8.2.9. Balances hídricos

- "Nunha primeira aproximación, o caudal mínimo medioambiental considerouselle, como dato de cálculo, no 10% da aportación media anual polo que a demanda medioambiental teórica ascende a 1274,81 hm³/ano" (páx. 75). A AVALIACIÓN DO CAUDAL MÍNIMO MEDIOAMBIENTAL É UNHA CUESTIÓN EN ABERTO DEBATE E, POLO TANTO, DEBERÍAN FACILITARSE OS ARGUMENTOS EN QUE SE BASEA A ESTIMA FEITA E DISTRIBUCIÓN MENSUAL PROPOSTA.

8.3.1. Contaminación dos ríos

- Neste punto, o mesmo que ó longo do documento, emprégase a idoneidade para a cría de salmónidos coma un indicador de calidade, esquecendo outros organismos máis sensibles e millores bioindicadores de boa calidade das augas coma os heterópteros acuáticos.

8.3.1.3. Causas da contaminación dos ríos

- "Consecuentemente, as industrias presentan vertidos de composición moi variables dependendo da súa actividade, sexa pola súa composición, sexa polo seu efecto ó medio hídrico, detectándose a falta de estacións depuradoras, o seu inadecuado deseño e a súa deficiente explotación nalgúns casos. Polo tanto, ~~sería conveniente~~ Á MAIOR BREVIDADE DEBERÍAN realizarSE estudos concretos para cada caso". (páx. 83).
- "O desenvolvemento industrial produciuse en zonas que en principio resultaban viables socioeconómicamente, pero en xeral descoidáronse aspectos relativos ás infraestruturas de saneamento, orixinando que os vertidos dos efluentes se produzan en cauces con caudais de dilución non sempre adecuados. Estas previsións, QUE tampouco se consideraron nalgúns casos de agrupacións en polígonos industriais, DEBERÁN CONTEMPLARSE OBRIGATORIAMENTE NOS PROXECTOS DE CREACIÓN DE NOVOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS OU DE AMPLIACIÓN DOS XA EXISTENTES" (páx. 84).

8.4.7. Liñas de actuación

- "Evita-la invasión por edificacións, ou outras obras improcedentes, das zonas asolagables, mediante deslindes e sinalización dos niveis para as enchentas de cálculo, especialmente nas zonas desenvolvidas ou en fase de crecemento. ~~Sería conveniente realizar polo tanto~~ DEBERÍA ACOMETERSE CON URXENCIA un inventario de ribeiras e marxes, que dará lugar a un deslinde previo" (páx. 95).

9.6. Medioambiente



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Xunta Directiva Xeral

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> sghn@hotmail.com

- "Na simulación do binomio demandas-recursos definíronse en cada punto de detracción ou demodulación de caudais, unha demanda ecolóxica asimilable ó caudal de protección medioambiental definido coma o 10% do caudal medio anual distribuído mensualmente" (páx. 143). VÉXASE 8.2.9. BALANCES HÍDRICOS.

9.8. Aproveitamentos hidroeléctricos

- BÉN ESTÁ QUE "os aproveitamentos hidroeléctricos existentes deben respetar aqueles caudais definidos coma de protección medioambiental" (páx. 145) PERO NON SE DÍ NADA DA NECESIDADE DE INSTALAR ESCADAS PARA PEIXES.

Anexo nº2: Programas e estudos. 1.2. Transformación, mellora e modernización dos regadíos

- No apartado *b) Infraestructuras básicas de modernización e mellora* é imprescindible establecer unha orde de prelación porque a mellora da rede de camiños figura antes da mellora de canales e redes secundarias e a modernización de sistemas de rega, que deba ser a primeira prioridade tendo en conta o dito na páxina anterior, é a última da lista.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS NON AMBIENTAIS

Páx. 38 No epígrafe 7. *Descrición xeral da conca* inclúense os planos nº6 "Mapa xeolóxico" e nº7 "Hidroxeoloxía". Posto que este planos non foron realizados por Augas de Galicia nin pola CPTOPV, coma se podería deducir erróneamente polos cadros dos títulos respectivos, debería incluírse unha referencia explícita da fonte documental empregada.

Páx. 67. 8.2.4.1. *Aproveitamentos hidroeléctricos con regulación*. "Resulta necesario considerar tamén que na produción hidroeléctrica de puntas turbinanse caudais moi variables e naqueles aproveitamentos que carecen de encoros augas abaixo para remodula-lo volume vertido, este réxime de explotación ~~sofre~~ PROVOCA limitacións para o aproveitamento por outros usuarios, riscos humanos naqueles tramos con demandas recreativas - pesca, navegación, baño, etc. - e afeccións medioambientais á fauna fluvial".

Páx. 71. 8.2.6. *Acuicultura*. "Ó igual ca no resto dos aproveitamentos hidráulicos, o grao de coñecemento da ~~condicionarse~~ captación e puntos de vertido non é o adecuado para o seu control e regulación. Destacar que na maioría dos casos non teñen fixados, salvo excepcións, ningún tipo de caudal medioambiental".

En xeral o texto de tódo-los documentos é farragoso e contén moitos erros de sintaxe e puntuación que dificultan a súa lectura e interpretación, que deberan ser fáciles, claras e inequívocas nun documento de tanta transcendencia. Recoméndase unha revisión completa por un profesor de lingua ou, alomenos, por un corrector de estilo.

En Santiago de Compostela a 15 de xaneiro de 2001



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Xunta Directiva Xeral

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> sghn@hotmail.com

ALEGACIÓNS, COMENTARIOS E SUXERENCIAS DA S.G.H.N.

ÁS NORMAS DA PROPOSTA DO PLANO HIDROLÓXICO DE GALICIA-COSTA

Artigo 2.5. Usos a considerar nos distintos elementos de recursos

No que respecta á planificación de encoros (páx. 17-20), o documento semella ser máis ben as normas dunha proposta de plano hidroenerxético de Galicia-Costa:

- Perderíase o 54,9% da capacidade actual de almacenamento de auga para abastecemento (32,3 dos 58,8 Hm³) polo cambio de uso dos encoros de Cecebre e Forcadas, ámbolos dous propiedade da Xunta de Galicia, polo que a produción de enerxía hidroeléctrica pasaría de acaparar o 87,5% da capacidade actual regulada ó 92,1%.
- Só 3 dos 22 novos encoros propostos teñen coma prioridade o abastecemento (un deles para substituír ó de Cecebre, pero perdendo un 21-37% da capacidade); outros 5 encoros teñen o abastecemento coma finalidade secundaria.
- Sete dos 22 novos encoros propostos teñen coma prioridade a produción de enerxía hidroeléctrica. Éstes son case os únicos que teñen unha capacidade máis ou menos decidida e inclúen os de Fornelos (río Arnego, 176 Hm³) e Cernadega (río Deza, 100 Hm³) que ó final do plano serían dous dos cinco maiores encoros de Galicia-Costa, todos eles para produción de enerxía hidroeléctrica, que, previsiblemente, pasaría a acaparar alomenos o 95% dos recursos regulados de auga na conca de Galicia-Costa (sen contar as minicentraís hidroeléctricas).

Artigo 2.16. Caudais mínimos medioambientais

A avaliación do caudal mínimo medioambiental é unha cuestión en aberto debate e, polo tanto, deberían facilitarse os argumentos en que se basea a estima feita e distribución mensual proposta.

Artigo 2.17. Usos recreativos

- A caza con perdigóns de chumbo debería prohibirse en tódolos encoros e humidais polo risco de saturnismo, moi especialmente nos encoros adicados a abastecemento
- Calquera tipo de navegación debера estar regulada de acordo cos planos de conservación da natureza dos Organismos competentes, respectando os períodos de desova dos peixes e as áreas de cría, repouso e invernada das aves acuáticas.

Artigo 2.24. Outorgamento de novas concesións E REVISIÓN DAS ANTIGAS

- Proponse a ampliación do título pois os dous últimos puntos refírense exclusivamente ás concesións antigas.
- Na última liña da páx. 63, onde di "poderán ser revisadas trala entrada en vigor do Plano" debería dicir "serán revisadas trala entrada en vigor do Plano".

Artigo 2.28. Concesións de aproveitamentos hidráulicos

As consideracións sobre a desmodulación de caudais tamén se deberían aplicar ás concesións existentes, revisándoas de oficio.

Sección 5ª. Situacións hidrolóxicas extremas

- Malia recoñecerse a decisiva importancia dos factores non naturais na orixe das cheas, incluíndo a obstrución por vertidos e a ocupación da chaira inundable, a meirande parte das posibles intervencións consideradas son estruturais e, ademáis, moi agresivas co medio natural:
 - Acondicionamento das marxes, demasiado a míudo entendido coma unha eliminación total da vexetación ribeireña deixando entullos, lixo, automóbiles, electrodomésticos, etc.
 - Dragado dos cauces (noutras partes fálase de dragados anuais), que non resolven o problema do depósito de sedimentos nin do vertido de lixo e entullos.



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Xunta Directiva Xeral

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> sghn@hotmail.com

- Dragado da desembocadura, de moi cuestionable utilidade e con posibles impactos moi elevados na explotación marisqueira das rías e na avifauna.
- Canalizar e derivar: véxanse as consideracións xerais á memoria e anexos do Plano.
- En canto á ocupación da chaira inundable debería promoverse a demolición das edificacións e obras ilegais, obviamente sen indemnizacións, ou das que si ben foron legalmente admitidas agravan os riscos e danos polas enchentas, indemnizando neste caso ós propietarios. No que respecta ás obras de infraestrutura, debería terse claro que é preferible modificar as pontes ou o trazado das estradas antes que modificar o río.
- A segunda frase da páx. 93 é inintelixible: "O labio situarase a unha altura tal que o caudal é capaz de desaugar o tramo circule polo azude en réxime crítico e sen producir desbordamentos".
- O último parágrafo do artigo 2.48 (páx. 96) é unha boa mostra de coma debe facerse unha planificación hidrolóxica no século XXI, o mesmo que o parágrafo do artigo 2.74 (páx. 123) sobre a restauración ecolóxica de todos os tramos da rede fluvial deteriorados, protexendo e recuperando os bosques autóctonos de ribeira, o artigo 2.80 (páx. 131, `agás a última frase!), o artigo 2.82 (páx. 133), a parte do artigo 2.109 sobre a avaliación dos efectos das infraestruturas hidráulicas augas abaixo delas, `esa é a mentalidade que falta noutras partes do Plano Hidrolóxico Galicia-Costa!

Artigo 2.51. Medidas de actuación e prevención contra as secas

- Penúltimo parágrafo: "... determinando posibles situacións de déficit e analizando as posibilidades de aumentar ditos recurso ~~con novas infraestruturas e melloras na explotación~~ CON MELLORAS NA EXPLOTACIÓN E, DE SER IMPRESCINDIBLES, CON NOVAS INFRAESTRUCTURAS".
- Deberían incluírse: a) campañas de sensibilización cidadana e industrial, b) axudas á mellora tecnolóxica industrial para reducir o consumo de auga por unidade de produción. A inclusión destas campañas bótase especialmente de menos porque no Plano sí se consideran outras campañas, igualmente necesarias, pero con repercusións menos directas sobre o recurso auga (véxase por exemplo a páx. 138) e porque o Plano prevee que o consumo industrial no horizonte do ano 2017 duplique o actual nos sistemas de explotación números 4, 5, 7, 10, 11, 12, 14 e 18 (véxase páx. 50), é dicir, en 8 dos 19 considerados.

Artigo 2.61. Obxectivos de calidade

Sería moi recomendable acortar os prazos para acadar os obxectivos de calidade.

Artigo 2.64. Caudais de cálculo de dilución

Artigo 2.73. Criterios empregados para a definición dos obxectivos de calidade

A primeira frase de ámbolos dous artigos é moi confusa: Suxírese: "Considérase que o caudal de dilución é o caudal do río durante o mes de mínima aportación que se repita con frecuencia anual, modificado polas detraccións e devolucións medias diarias pésimas".

Artigo 2.74. Definición dos perímetros de especial protección

Entre as "actividades ligadas coa protección do medioambiente" (páx. 123) falta incluír o deslinde do Dominio Público Hidráulico.

Artigo 2.75. Espacios naturais obxecto de especial protección

Tamén deberan ser obxecto de especial protección as zonas consideradas de importancia nacional como refuxio de aves acuáticas, e non só as de importancia internacional (páx. 125).

Artigo 2.79. Protección de zonas húmidas, lagos e lagoas

Segundo parágrafo: "Non serán autorizables ~~todas~~ AS actividades artificiais que conduzan ó desecamento da zona húmida,...".



Artigo 2.80. Protección de tramos de río de interese medioambiental

Artigo 2.81. Protección de tramos de río de interese natural

¿Qué diferencia hai entre interese medioambiental e natural?

Artigo 2.100. Mellora de regadíos e novas áreas regables

Se a rega por gravidade é o sistema menos eficiente (véxase páx. 31), ¿por qué non se promove decididamente a súa transformación ós sistemas máis eficientes en lugar de prácticas tan caras e agresivas coma "construir encoros para a regulación e almacenaxe do caudal" ou "nivela-lo terreo segundo a modalidade elixida de rega por superficie"?

Artigo 2.101. Normas básicas nas melloras de regadío

O método de rega debe elixirse non só en función dos condicionantes sinalados, senón tamén dependendo das características do solo, que son bastante máis que as condicións hidrofísicas e topográficas.

Artigo 2.105. Refrixeración enerxética

Velaquí unha demostración palpable do oportunas e necesarias das alegacións ó artigo 2.5: a central de Meirama consume 3,09 Hm³/Mw potencia refrixerada en circuito pechado mentras que na das Pontes o consumo é de 1,65 Hm³/Mw, é dicir, ~un 47% menos! polo que con unha mellora da eficiencia na central de Meirama poderían liberarse 7,9 Hm³ anuais de auga para outros usos, coma por exemplo, cubrir sobradamente o crecemento previsto de demanda para abastecemento no sistema de explotación número 11 no horizonte do ano 2017.

Artigo 2.111. Obras de regulación

A comparación do plano nº12 "principais infraestruturas de regulación" (no que se marcan as "zonas de reserva para infraestruturas de regulación) co plano nº10 "espacios naturais" revela que:

- O encoro de Tronceda (nº1) se solapa co espacio natural catalogado nº69 "Macizo da Toxiza".
- O encoro de Viveiro (nº3) se solapa cos espacio naturais catalogados nº64 "Ría de Viveiro" e 65 "Souto da Retorta".
- O encoro de Espenuca (nº5) se solapa co espacio natural catalogado nº49 "Curso alto do Mandeo".
- O encoro de Abarcia (nº6) se solapa co espacio natural catalogado nº18 "Marismas do río Lambre".
- O encoro de Cernageda (nº16) se solapa co espacio natural catalogado nº74 "Serras de Candán e Zobra".
- O encoro de Umia (nº18) se solapa co espacio natural catalogado nº73 "Tramo alto do Umia".

Artigo 2.116. Infraestruturas de defensa fronte a enchentas

A metade das obras de "canalización e defensas" previstas na táboa 2.116 son en entornos naturais e afectarían a espacios naturais catalogados alomenos nos casos dos ríos Landro, Anllóns, Tambre, Ulla e Verdugo.

Artigo 2.118. Deslindes, zonas asolagables e ordenación hidráulica

¿De verdade considera o Organismo de Conca que hai tramos nos que non é necesario o deslinde técnico e a ordenación hidráulica?

Artigo 3.2. Investigación e estudos

Bótanse en falla estudos sistemáticos para determinar os caudais ecolóxicos específicos para cada río e tramo en coordinación coa Consellería de Medio Ambiente.

Artigo 3.6. Directrices para a actualización do Plano Hidrolóxico

- Entre "as liñas a seguir para un mellor aproveitamento dos recursos" (páx. 187-189) chama moito a atención que a "investigación das causas das perdas dos subministros urbanos" e os "estudios dos consumos de auga razoables nos procesos industriais" figuren nas posicións 13 e 14, respectivamente, dun total de 17 actuacións.



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Xunta Directiva Xeral

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> sghn@hotmail.com

- Sorprende que as realizacións de paseos fluviais se contemplan dentro das "posibilidades de mellora do medioambiente hidráulico", cando se están a converter nun grave factor de destrución de ripisilvas e ribeiras fluviais co uso de maquinaria pesada e coa nefasta idea de "axardinar a natureza", simple pretexto para despilfarrar fondos públicos en obras que moitas veces son destruídas polas enchentas porque, irónicamente, os paseos fluviais ignoran a realidade fluvial.

OUTROS COMENTARIOS

- A información das táboas 2.15A, 2.15B e 2.15C están repetidas na táboa 2.20A da páx. 50.
- O nome correcto é disco de Secchi, non de Seochi.
- ~~Demodulación~~ DESMODULACIÓN.
- As táboas 2.111A e 2.111B duplican as táboas 2.5A e 2.5B da Sección 2ª, artigo 2.5.

Santiago de Compostela a 24 de xaneiro de 2001